

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2019**Nº DE PROTOCOLO^(*)**^(*) A encher polo SXEA**1.- ACTUACIÓN PROPOSTA****APOIO Á CONSERVACIÓN DO BANCO DE ESPECIES PRATENSES DO CIAM****2.- ENTIDADE SOLICITANTE**

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

Enderezo: Km 7, Estrada AC-542, Betanzos a Mesón do Bento KM 7,5

C. Postal: 15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

Telf.: 881881801

Fax: 881881800

Correo electrónico: ingacal@xunta.gal

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA**Ano 2019:**

O mantemento eficiente das coleccións almacenadas nos bancos de xermoplasma implica diversos traballos como son a recolección, multiplicación, caracterización, pesado, etiquetado, almacenamento, informatización e divulgación dos contidos (FAO 2014). Todas estas labores requiren de material funxible moitas veces específico para cada tarefa (Engels e Visset, 2007).

Os bancos de xermoplasma concibíronse como unha recompilación de mostras de xenotipos de especies domesticadas e das súas formas silvestres, que se manteñen en forma de sementes, de plantas, in vitro, etc., e que debido ao seu potencial de resiliencia forman parte dos procesos de mellora e fornecen de material aos melloradores xenéticos, investigadores, e para subministro de material a empresas ou entidades, tamén para unha posible resposta ante novos retos da agricultura moderna, loita contra o cambio climático ou para loita biolóxica contra pragas. A conservación destes recursos fitoxenéticos é fundamental para calquera desenvolvemento presente ou futuro de calquera estado ou rexión.

O carácter minifundista dalgúns territorios (como é o caso de Galicia) promove a proliferación de razas locais con interese de conservación, xa que algunhas prácticas culturais concretas delimitan estruturas xenéticas tanto dos propios cultivos como das especies emparentadas que urxe conservar. No caso de Galicia, nos anos 80 iniciáronse traballos de recolección de ecotipos de gramíneas, leguminosas e doutras especies pratenses que deron lugar á creación dalgúns variedades comerciais con base xenética autóctona, e que obtiveron moi bos resultados en

comparación con variedades comerciais foráneas.

Hoxe en día o banco de xermoplasma do CIAM almacena máis de 1.500 ecotipos de especies de xéneros pratenses (*Lolium*, *Festuca*, *Dactylis*, *Poa*, *Agrostis*, *Trifolium*, *Lotus*, *Lupinus*, etc.), unha recompilación de traballos pódese consultar en López et al. (2010). Polo tanto o CIAM conserva actualmente unha das maiores coleccións de referencia de zonas húmidas de España en tales especies, maioritariamente colleitadas en Galicia.

Dentro das “**Condicións especificadas de admisibilidade**” nesta Submedida, se especifica que que serán elixibles as iniciativas de recuperación, preservación ou consolidación dos recursos xenéticos agrícolas autóctonos de Galicia. E dentro dos custes subvencionables se contemplan accións focalizadas como as actividades asociadas á renovación da diversidade xenética dos bancos de xermoplasma así como os custos asociados á caracterización fenotípica, xenética e agronómica dos recursos fitoxenéticos.

Nesta acción propónse a dotación de material funxible específico para un mantemento eficaz do material conservado e para apoio nas tarefas que se realizan habitualmente.

Ano 2020:

Non procede

BIBLIOGRAFÍA (COMÚN PARA TODOS OS APARTADOS)

Engels, J.M.M. y Visser, L. (eds.). 2007. Guía para el manejo eficaz de un banco de germoplasma. Manuales para Bancos de Germoplasma No. 6. Bioersivity International. 209 pp. Roma (Italia).

FAO. 2014. Normas para bancos de germoplasma de recursos fitogenéticos para la alimentación y la agricultura. Edición revisada. 182 pp. Roma (Italia).

López, J.E.; Oliveira, J.A.; González, E. 2010. Los recursos fitogenéticos de especies pratenses en Galicia. *Pastos*, 40 (1), 5-27. Madrid.

4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2019:

Apoio para a conservación do banco de especies pratenses do CIAM

Ano 2020:

Non procede

5.- METODOLOXÍA

Ano 2019:

TRABALLOS DE RECOLECCIÓN

A colleita de semente pódese facer en gran parcela, en campos illados ao aire libre ou ben en microambientes controlados como sistemas de multiplicación específicos. En calquera caso se requiren sacos, bolsas de plástico, etiquetas de campo, etiquetas de pincho e diverso material funxible

TRABALLOS DE MULTIPLICACIÓN

O material necesario para a multiplicación depende do tipo de metodoloxía utilizada:

- No caso de campos en gran parcela se requiren asistencia técnicas de apoio para implantación, mantemento e colleita e de produtos fitosanitarios (herbicidas, abonos ...).
- No caso de campos illados se require ademais materiais que garanten o illamento dos mesmos para evitar o paso de pole externo, tales como barreras (mallas) sustentadas por estacas ou varillas metálicas.
- No caso de multiplicación en ambientes controlados (compartimentos) se require ademais turba, perlita, macetas, bandexas de alvéolos e pinchos de rega que necesitan repoñerse en cada ciclo de multiplicación.

TRABALLOS DE PROCESADO, ALMACENADO, CONSERVACIÓN NA CÁMARA E INVENTARIADO

Unha vez finalizado cada ciclo de multiplicación cómpre procesar a semente para o cal se requiren bandexas de secado, bolsas, recipientes herméticos, desecante xel de sílice, etc.

Para determinar as accesións a multiplicar no ciclo seguinte fanse probas de xerminación, para identificar aquelas con menos viabilidade e asignarlles prioridade. Para estas probas se necesitan placas petri e discos de papel de filtro.

TRABALLOS DE CARACTERIZACIÓN

Se require o mesmo material que para traballos de multiplicación

DIVULGACIÓN DOS CONTIDOS E TRANSFERENZA DE MATERIAL BIOLÓXICO

A divulgación faise supervisada polo equipo investigador, pero nalgunhas actuacións .e necesaria a intervención de asistencia técnicas (caso de actualizar os contidos para acceso por Internet nas webs oficiais).

Por outra banda os bancos de xermoplasma pertencentes a países membros que ratificaron e asinaron o Tratado Internacional de Recursos Fitoxenéticos para a Alimentación e a Agricultura teñen unha obriga de subministrar material cando haxa unha petición e dispoñibilidade do mesmo. Debido a esta obriga se xeran unha serie de custes asociados ao envío do material solicitado consistente en recipientes especiais, paquetería, embalaxes, etc.

Ano 2020:

Non procede

6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2019

Actualización dos contidos do banco na páxina web do CIAM (www.ciam.gal).

Ano 2020

Non procede

Cursos:

Ano 2019

Non procede

Ano 2020:

Non procede

Demostracións:

Ano 2019:

Non procede

Ano 2020:

Non procede

Publicacións:

Ano 2019:

Actualización dos contidos do banco na páxina web do CIAM (www.ciam.gal).

Ano 2020:

Outras:

Ano 2019:

Ano 2020